

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA
E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI
- PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ” 2017 -**

Santiago de Compostela a de de

COMPARECEN

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Martiño Noriega Sánchez, que actúa en nome e representación do CONCELLO DE SANTIAGO, do que é Alcalde. E da outra parte, Sr^a D^a. Maite Isla Avión con DNI nº 35544300P, que actúa en nome e representación -en calidade de Presidenta- da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, co CIF- G15924558. con domicilio profesional en Avenida alcalde Gregorio Espino, 57 baixo (Vigo-Pontevedra).

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,

MANIFESTAN

A súa vontade de colaboración para apoiar o programa de acollida de nenos e nenas saharauis “Vacacións en Paz”, que está a promover a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, co obxectivo de propiciar a integración social dos menores saharauis mentres dure a súa estadía en Galicia.

O Programa “Vacacións en paz” preséntase nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de procurarlles unha estadía agradable e humanamente enriquecedora a estes nenos/as nados no medio dun clima de guerra e sometidos ás duras condicións dun campamento de refuxiados. Este programa favorece un achegamento á nosa forma de vida, de maneira que contribúa, non só á súa formación, senón tamén a mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os nosos pobos.

Estes nenos naceron nos campamentos de refuxiados saharauís situados dende fai máis de 40 anos na zona da Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira alxeriano-saharauí; é dicir, son fillos/as dos saharauís que abandonaron os seus fogares diante da represión, invasión e ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do antigo Sáhara español en 1975. A vida destes nenos/as, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias que o resto da poboación saharauí, privada do máis elemental e, sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, o Estado Español representa algo especial para os saharauis polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os saharauís pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan o español como segundo idioma.

Con este programa evítase tamén que as nenas e nenos saharauis permanezan nos meses de calor de xullo e agosto nos campamentos de refuxiados, con temperaturas en ocasións de 50º.

CONVEÑEN

I.- Que o presente Convenio ten por obxecto regular o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2017” durante os dous meses do verán (xullo e agosto) no que nenos/as do pobo saharai estarán no Concello de Santiago de Compostela, acollidos por familias compostelás.

Os obxectivos deste programa, son os seguintes:

1. Garantir o seu dereito á saúde, realizando a tal fin os controis médicos pertinentes.
2. Garantir as necesidades fundamentais dos menores.
3. Asegurar a súa integridade física e emocional.
4. Respeitar as súas crenzas.
5. Favorecer a súa integración durante a súa estadía no noso país.
6. Respeitar o marco legal referido ao dereito dos menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver ao remate das vacacións.
7. Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauis a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
8. Promover entre a sociedade compostelá os valores da tolerancia e a solidariedade promovendo así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
9. Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega.
10. Ofrecer unha alternativa de ocio e tempo libre.
11. Evitar a súa estadía nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º).

II: O Concello de Santiago de Compostela, responsabilízase de:

1. En colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, difundir o Programa “Vacacións en Paz” e colaborar na búsqueda das familias acolledoras.
2. Colaborar na realización dun acto de recepción e despedida das nenas e nenos participantes no programa.

III.- O Concello de Santiago de Compostela achega unha cantidade de 5.340,00 €, para sufragar os custes deste programa (pasaxes de avión e seguros), que o concello de Santiago de Compostela ten contemplados nos orzamentos do ano 2017, na aplicación orzamentaria 080.32600.48900

IV. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, responsabilízase de:

1. Facer un seguimento exhaustivo do proxecto conxuntamente coa Delegación Saharaui para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.
2. A Asociación e a Delegación estarán a disposición do concello de Santiago e das familias para asesoralos e axudar a resolver o problemas que poidan xurdir ao longo do tempo de estadía dos nenos/as coas familias acolledoras.
- 3.- A Asociación organizará unha xuntanza de convivencia entre os nenos saharauis e as familias acolledoras.

V.- Consonte o artigo 30.1 da Lei 38/2003 considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido neste Convenio. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos contemplados neste Convenio deberán referirse a gastos derivados do desenvolvemento do programa “Vacacións en paz 2017”. En ningún caso poderán xustificarse con gastos derivados da compra de bens inventariables, consonte o artigo 31 da Lei 38/2003.

Esta subvención, de acordo co contemplado no artigo 28.3 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, ten carácter singular co obxecto de facer realidade e por en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 28.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de Subvencións de Galicia, se emprega o procedemento de convenio de colaboración, polo que non procede a súa convocatoria pública.

VI.- A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui deberá xustificar o orzamento deste convenio antes do 23 de novembro do ano 2017.

VII.- A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a promocionar e difundir este programa e a presentar unha Memoria das accións incluídas neste programa, onde se faga referencia aos nenos/as participantes, actividades que se promoven, e outros datos que permitan ao Concello de Santiago estar informado en todo momento sobre o mesmo.

VIII.- Para a xustificación do orzamento, a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a xustificar os gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, que deberá realizarse presentando no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela a conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto emitidos e pagados antes do 23 de novembro de 2017, consonte o artigo 72 do Real decreto 887/2006.

A conta xustificativa conterá ademais a seguinte documentación:

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto ou actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

- Declaración das subvencións solicitadas, concedidas ou que aínda están pendentes de conceder.

IX.- O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación da subvención. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

X.- O importe da subvención especificada neste Convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta ES40 2080 5056 1330 4003 4374.

XI.- De acordo co disposto no artigo 18.4 da Lei Xeral de Subvencións deberase dar axeitada publicidade do financiamento do Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago de Compostela para o programa “Vacacións en Paz” (tanto na comunicación oral como na escrita). A tal efecto O Departamento de Educación e Cidadanía facilitará á Asociación o logotipo oficial que deberán utilizar na documentación e información visual e escrita.

Os comparecentes, no concepto no que o fan, dan a súa conformidade ao presente convenio de colaboración, asinándoo por duplicado en proba da mesma, no lugar e data expresados no encabezamento.

Asdo.: D^a. Maite Isla Avión

Asdo.: D. Martiño Noriega Sánchez

Presidenta de SOGAPS

Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela